

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN REDE (CIBER) E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE NO MARCO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN ORIENTADOS Á IMPLANTACIÓN DA MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN, CONVOCATORIA DE 2024, BAIXO O PERTE PARA A SAÚDE DE VANGARDA E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER) firmou co Servizo Galego de Saúde o 06.02.2026 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia igual á da duración do proxecto, sen que en ningún caso esta poida superar os dous anos de duración inicial. As partes poderán acordar unánimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de ata cinco anos adicionais, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

A terminación da vixencia do presente convenio non exime ás partes do cumprimento das obrigacións derivadas do Proxecto, nos termos establecidos.

As partes asinantes poderán modificar os termos do convenio en calquera momento, mediante acordo unánime de todas elas, que se reflectirá nunha addenda ao mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a relación entre o CIBER e o Servizo Galego de Saúde para a distribución dos fondos, con ocasión da participación no Proxecto con número de expediente PMP24/00012 no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora de acordo á Memoria de solicitude do Proxecto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

IMPACT é a Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e á Tecnoloxía da Acción Estratéxica en Saúde, no marco dos Plans Estatais de Investigación Científica, Técnica e de Innovación.

Un dos eixos estratéxicos de IMPACT é o Programa de Medicina Preditiva (Cohorte -IMPACT), que aborda o deseño e establecemento dunha cohorte de base poboacional representativa da

poboación residente en España, a súa variabilidade étnica, diversidade xeográfica e ambiental, á que se fará un seguimento prospectivo ao longo de vinte anos.

Os seus obxectivos son: mellorar a comprensión das causas das principais enfermidades e condicións de saúde, aumentar o coñecemento dos efectos sobre a saúde de múltiples factores: estrutura social e económica; xénero; ocupación e condicións laborais; contorna física (aire, auga, ruído, luz, etc.); ambiente microbiano (infeccións, microbioma); factores psicolóxicos; e estilo de vida, incluídos a dieta e hábitos alimentarios, a actividade física, o tabaco, o sono e os biorritmos circadianos, entre outros.

Trátase de monitorizar o estado de saúde dos residentes en España, predicir o risco de enfermidade e doutras condicións de saúde e co obxectivo global de contribuír ao deseño de estratexias de precisión e modelos predictivos na prevención primaria, diagnóstico precoz e tratamento temperán das principais enfermidades.

O CIBER foi a entidade beneficiaria da subvención convocada polo Instituto de Saúde Carlos III O.A., M.P. (en adiante ISCIII) para o deseño e desenvolvemento da Cohorte- IMPaCT, para o que conta coa colaboración de todas as comunidades e cidades autónomas, segundo o establecido no plan de actuación do proxecto.

En Galicia a entidade colaboradora é o Servizo Galego de Saúde.

O CIBER é un Consorcio constituído por diversas institucións e centros de investigación con sede social en distintas comunidades autónomas, o CSIC, M. P. e o ISCIII, o cal, de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, é un dos instrumentos dos que dispón a Administración para alcanzar as metas establecidas na Estratexia Estatal e nos Plans Estatais de Investigación Científica e Técnica e de Innovación, así como contempla entre as finalidades específicas do Consorcio: a realización de programas conxuntos de investigación, desenvolvemento e innovación nas áreas temáticas de Bioenxeñaría, Biomateriais e Nanomedicina, Enfermidades Raras, Enfermidades Respiratorias, Enfermidades Hepáticas e Dixestivas, Epidemioloxía e Saúde Pública, Saúde Mental, Diabetes e Enfermidades Metabólicas e Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición, Fraxilidade e Envellecemento Saudable, Enfermidades Cardiovasculares e Cancro; contribuír á resolución dos problemas da asistencia sanitaria relacionados coas devanditas áreas e promover a participación en actividades de investigación de carácter nacional e especialmente das incluídas nos Programas Marco Europeos de I+D+I.

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado pola Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, que ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



O 13 de xullo de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a resolución da dirección do ISCIII pola que se aproba a convocatoria para o ano 2022 de concesión de subvencións a proxectos de investigación de Medicina Personalizada de Precisión da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, baixo PERTE para a saúde de vangarda e con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, na que o CIBER resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente PMP22/00003: *"Saúde pública e Medicina Preventiva de precisión combinando exploración física, hábitos de vida e información xenómica: monitorización da pandemia de obesidade a través da extensión da Cohorte IMPaCT (Obes-IMPACT)"*.

Co proxecto Obes-IMPACT, continuase a potenciar a medicina preventiva de precisión en España mediante a extensión e consolidación da Cohorte IMPACT, incluíndo como obxectivo adicional o abordaxe da obesidade.

En definitiva a Cohorte IMPACT, grazas a esta extensión, constitúese como un sistema de monitorización multiparamétrica do estado de saúde.

O 17 de xullo de 2024, publicouse no BOE a Orde CNU/713/2024 de 11 de xullo, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas e efectúase a convocatoria, para o ano 2024, de Misións Conxuntas do Ministerio de Sanidade e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, para a concesión de subvencións a Proxectos de Investigación orientados á Implantación da Medicina Personalizada de Precisión, baixo o PERTE para a Saúde de Vangarda e no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

O obxecto da orde é a aprobación da convocatoria de concesión de subvencións para fomentar a implementación da Medicina Personalizada de Precisión a través da investigación científica, mediante o financiamento de proxectos que fagan posible o desenvolvemento e implementación no SNS de actuacións clínico-asistenciais que, baixo o concepto global de Medicina Personalizada de Precisión e, en coordinación coa infraestrutura IMPACT permitan mellorar a prevención, o diagnóstico, o tratamento e a calidade de vida da poboación.

Segundo a Resolución de 18 de decembro de 2024, da dirección do ISCIII, o CIBER resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente PMP24/00012: *"Incorporación da información clínica de atención primaria e hospitalaria na cohorte IMPACT: proxecto IMPACT-IC"*.

O obxectivo deste proxecto e seguir consolidando e estendendo a Cohorte IMPACT, incorporando a información clínica de atención primaria e hospitalaria dos seus participantes, mediante a definición dun modelo común de datos IMPACT que inclúa as variables a incorporar na cohorte IMPACT, o establecemento de procedementos de captura de datos e de estruturación e transformación dos mesmos, o tratamento dos datos para facilitar a súa explotación, e a integración dos datos obtidos na base de datos da cohorte e explotacións para xerar análises estandarizados e periódicos dos seguimentos da cohorte.



As entidades beneficiarias das subvencións (CIBER neste caso), son as responsables da distribución de fondos ás entidades colaboradoras correspondentes en cada caso, de acordo ao plan de actuación do proxecto.

O importe da subvención que figura no convenio asinado, e que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, é de cento oitenta mil douscentos noventa euros (180.290,00 €), a ingresar pola entidade beneficiaria (CIBER) ao Servizo Galego de Saúde como entidade colaboradora, na conta de número IBAN ES14 9000 0022 1003 5000 0022 de titularidade da Xunta de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

